

---

Informe de revisión do sistema pola dirección

-

Informe de resultados anual do centro

Data da reunión: 15/01/2018

Data de aprobación na xunta de Centro: 27/02/2018

---

## Índice de contidos

1. ASPECTOS INTRODUTORIOS
  2. DATOS E ANÁLISE DE RESULTADOS DO CENTRO E DAS SÚAS TITULACIÓNS
  3. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)
  4. LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS
  5. CONCLUSIÓNS E ACORDOS
  6. ANEXOS
-

---

## I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

---

### I.2. Presentación/Obxecto da reunión

Tal e como indica o procedemento “DE-03 Revisión do sistema pola Dirección” e co obxectivo dunha mellora continua e a verificación da adecuación e eficacia do sistema de garantía interna de calidade dos centros e titulacións, e do sistema de xestión da calidade no ámbito da xestión, convocase esta reunión cos responsables do proceso. Nesta reunión realízase a análise dos indicadores asociados a este proceso, identificados e definidos no procedemento “DE-02 P1 «Seguimento e medición»”. Realízanse ademais propostas de mellora en base á identificación de problemas derivados dos propios indicadores.

Tal e como indica o propio procedemento, na seguinte reunión deberán participar os implicados no proceso: Decana e resto dos membros do equipo decanal, coordinador de calidade, membro da comisión de calidade, representantes das titulacións do centro (coordinador de Grao en Belas Artes, Coordinador do Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual, Coordinadora do Mestrado en Arte Contemporánea; Creación e Investigación).

---

### I.3. Informe inicial

---

#### Descrición de cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade

Durante o curso 2016/2017 prodúcese unha renovación da Comisión do SGIC. No curso 2016-17, o representante do profesorado Juan Carlos Meana Martínez desfruta dun ano sabático concedido e pasa a ser substituído polo profesor D. Ignacio Barcia Rodríguez. Por outra banda prodúcese a finais do curso a aplicación da nova Relación de Postos de Traballo que afectan á organización das tarefas relativas ao SGIC. O persoal de apoio a centros e departamentos pasa a dar apoio ao coordinador de calidade e coordinadores de titulacións. Así mesmo o administrador de centros delega na persoa de Dña Luz Gallego Ruza, e en ausencia da mesma en Ana Carballo Fernández.

A Comisión do Sistema de Garantía Interno de Calidade queda composta deste xeito:

- Presidenta: Silvia García González
- Secretario, coordinador de calidade e coordinador de Grao en Belas Artes: Marcos Dopico Castro
- Coordinadora da titulación Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación: Anne Heyvaert.
- Coordinador da titulación Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual: José Chavete Rodríguez.
- Enlace de Igualdade: Dolores Dopico Aneiros
- Representante do profesorado: Ignacio Barcia Rodríguez
- Representantes do estudantado: Pilar Picas Abella (estudiante do grao)
- Representante do estudantado egresado: Román Corbato Pérez
- Luz Gallego Ruza (Representante do administrador do centro en quen delega as súas funcións)
- Representante da sociedade: Carlos Rosón (fundación RAC)

---

#### Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

Durante o curso 2015/2016 realizáronse cambios non substanciais no Plan de Estudos da titulación Mestrado en Arte Contemporáneo: Creación e Investigación. Tales cambios e o seu proceso de elaboración atópanse detallados no «Informe de coordinación» do curso 15/16 <http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=352>, os cais foron aprobados definitivamente e implantáronse no curso 2016/2017. Poden consultarse os cambios no plan de estudos no Anexo I no Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 15/16. Trátase de modificacións de carácter non substancial e que afectan exclusivamente á oferta de materias optativas. Estas modificacións non afectan á distribución global de créditos entre materias obrigatorias e optativas. Consisten en 3 cambios:

- Modificación do número de créditos e da temporización das materias do MÓDULO 3 Laboratorio de creación

- Eliminación dunha materia optativa do Módulo 5 Laboratorio Interdisciplinar de Investigación, consecuencia da diminución da PDA do presente ano.
- Cambio na denominación da materia: do MÓDULO 4 Laboratorio interdisciplinar de creación: P01M080V01205. Taller tecnolóxico que pasaría a denominarse Taller fotográfico.

Salientar tamén que no caso do Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual presentouse e aprobouse definitivamente unha modificación substancial do plan de estudos, aínda que ditos cambios quedaron adiados ata o curso 2017/2018 dada a dificultade de implantación duns cambios que implicaban a adaptación de plataformas tecnolóxicas e determinados aspectos a desenvolver por parte dos docentes ao permitir a docencia presencial e non presencial. No documento Anexo II do Informe de Revisión do Sistema pola dirección do curso 15/16 poden consultarse os cambios realizados no plan de estudos.

---

#### **Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade**

Durante o curso 2016/2017 non se realizaron cambios nos Procedementos do Manual de Calidade a proposta da Área de Apoio á docencia e calidade.

---

#### **Descrición doutros aspectos de interese.**

Non existen outros aspectos de interese a salientar.

## II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS

### II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan a seguir recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrado adscritas.

#### II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC:

Centro				
Panel de indicadores do SGIC		Existe Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)?	Resultado Curso 16/17	Resultado Curso 15/16
I01-MC	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Grao en BBAA: Acadar a certificación do SGIC no curso 17/18		
		Mestrado en ACCI: Acadar a certificación do SGIC no curso 17/18		
		Mestrado en LIAA: Acadar a certificación do SGIC no curso 17/18		
I05-MC	Grao satisfacción PAS	Non	Non procede este ano por terse realizado o ano anterior	3,60
I01-DO	Seguimento das titulación	Grao en BBAA: CONFORME EXCELENTE		Grao en BBAA: CONFORME (B)
		Mestrado e ACCI: CONFORME EXCELENTE		Mestrado en ACCI: CONFORME (B)
		Mestrado en LIAA: CONFORME EXCELENTE		Mestrado en LIAA: CONFORME (C)
I02-DO	Acreditación das titulacións	Si: Acadar a acreditación nos periodos nos que corresponda	Non procede este ano.	

Titulación	Grao en Belas Artes / Mestrado en ACCI / Mestrado en LIAA		
Panel de indicadores do SGIC	Existe Meta de calidade asociada	Resultado Curso 16/17	Resultado Curso 15/16

		(obxectivo de calidade)?		
<b>I02-MC</b>	<b>Grao satisfacción estudiantado</b>	Grao en BBAA > 2,5	Grao en BBAA: 2,6	Grado en BBAA: 3
		Mestrado en ACCI >2,5	Mestrado en ACCI: 2,87	Mestrado ACCI: 2,51
		Mestrado en LIAA >3,2	Mestrado en LIAA: 3,20	Mestrado LIAA: ND
<b>I03-MC</b>	<b>Grao satisfacción profesorado</b>	Grao en BBAA >3,2	Grado en BBAA: 3,34	ND - Enquisa bianual
		Mestrado ACCI: >3,2	Mestrado en ACCI: 3,59	ND - Enquisa bianual
		Mestrado LIAA: >3,2	Mestrado en LIAA: 4,27	ND - Enquisa bianual
<b>I04-MC</b>	<b>Grao satisfacción persoas tituladas</b>	Grao en BBAA: Non existe meta de calidade	Grao en BBAA: 2,66	Grado en BBAA: 2,56
		Mestrado en ACCI: Non existe meta de calidade	Mestrado en ACCI: 2,89	Mestrado en ACCI: 3,13
		Mestrado en LIAA: Non existe meta de calidade	Mestrado en LIAA: 2,07	Mestrado en LIAA: 3,47
<b>I06-MC</b>	<b>Grao satisfacción empregadores</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en BBAA: 5,00	ND
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: 1,67	ND
<b>I01-AC</b>	<b>Nota media de acceso</b>	Grao en Belas Artes > 7	Grao en BBAA: 7,16	Grado en BBAA: 6,640
		Mestrado ACCI: >6,50	Mestrado en ACCI: 6,9	Mestrado ACCI: 6,74
		Mestrado LIAA: 6,50	Mestrado en LIAA: 6,6	Mestrado LIAA: 7,72
<b>I01(2)-AC</b>	<b>Nota mínima de acceso</b>	Grao en BBAA: Non existe meta de calidade asociada	Grao en Belas Artes: 5,890	Grado en BBAA: 5,08
		Mestrado en ACCI: Non existe meta de calidade asociada	Mestrado en ACCI: ND	Mestrado en ACCI: 6
		Mestrado en LIAA: Non existe meta de calidade asociada	Mestrado en LIAA: 6,550	Mestrado en LIAA: 5
<b>I02-AC</b>	<b>Ocupación</b>	Grao BBAA: >100%	Grao en BBAA: 101,54	Grado en BBAA: 102,31%
		Mestrado ACCI: Non existe meta de calidade	Mestrado en ACCI: 82,14	Mestrado ACCI: 96,15%
		Non existe meta de calidade	Mestrado en LIAA: 45,71	Mestrado LIAA: 58,82%
<b>I03-AC</b>	<b>Preferencia</b>	Grao BBAA: 120%	Grao en BBAA: 135,38	Grado en BBAA: 138,46%
		Mestrado ACCI: Non existe meta de calidade	Mestrado en ACCI: 103,57	Mestrado ACCI: 103,85%

		Mestrado en LIAA: Non existe meta de calidade	Mestrado en LIAA: 48,57	Mestrado LIAA: 76,47%
<b>I03(2)-AC</b>	<b>Adecuación</b>	Grao en Belas Artes >90%	Grado en BBAA: 90,15	Grado en BBAA: 97,74%
		Mestrado ACCI: Non existe meta de calidade	Mestrado en ACCI: 104,35	Mestrado ACCI: 92,00%
		Mestrado en LIAA: Non existe meta de calidade	Mestrado en LIAA: 93,74	Mestrado LIAA: 90,00%
<b>I04-AC</b>	<b>Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)</b>	Grao BBAA: Non existe meta de calidade	Grao en BBAA: 132	Grado en BBAA: 133
		Mestrado ACCI: Non existe meta de calidade	Mestrado en ACCI: 23	Mestrado ACCI: 25
		Mestrado en LIAA: Non existe meta de calidade	Mestrado en LIAA: 16	Mestrado LIAA: 20
<b>I03-DO</b>	<b>Participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado</b>	Grao BBAA: Non existe meta de calidade	Grao en Belas Artes: 54,78%	Enquisa Bianual
		Mestrado ACCI: Non existe meta de calidade	Mestrado en ACCI:50,44%	Enquisa Bianual
		Mestrado en LIAA: Non existe meta de calidade	Mestrado en LIAA: 41,5%	Enquisa Bianual
<b>I04-DO</b>	<b>Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado</b>	Grao en Belas Artes: >2,5	Grao en Belas Artes: 2,76	Grao en Belas Artes: 3
		Mestrado en ACCI: >2,5	Mestrado en ACCI: 2,87	Mestrado en ACCI_ 2,51
		Mestrado en LIAA: >3,2	Mestrado en LIAA: 3,20	Mestrado en LIAA: -
<b>I05-DO</b>	<b>Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino</b>	Grao en Belas Artes >2,5	2,79	3,01
		Mestrado en ACCI >2,5	2,70	1,93
		Mestrado en LIAA >3,2	4,25	ND
<b>I06-DO</b>	<b>Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino</b>	Grao en Belas Artes >3,2 sobre 5	Grao en Belas Artes: 3,16	Enquisa Bianual
		Mestrado en ACCI: >3,2 sobre 5	Mestrado en ACCI: 3,51	Enquisa Bianual
		Mestrado en LIAA: >3,2 sobre 5	Mestrado en LIAA: 4,35	Enquisa Bianual
<b>I07-DO</b>	<b>Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino</b>	Grao en Belas Artes (De 1 a 5)	2,21	2,05

		Mestrado en ACCI (De 1 a 5)	2,17	2,82
		Mestrado en LIAA (De 1 a 5)	2,36	3,22
<b>I08-DO</b>	<b>Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	ND	
<b>I09-DO</b>	<b>Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao BBAA: 53	Grao BBAA: 55
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado ACCI: 0	Mestrado ACCI: 1
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado LIAA: 0	Mestrado LIAA: 1
<b>I09(2)-DO</b>	<b>Estudantes estranxeiros</b>			
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en BBAA 1,74% - 3 de 522	Todas as titulacións: 23
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI 3,3% - 1 de 30	Todas as titulacións: 23
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA 25% - 4 de 16	Todas as titulacións: 23
<b>I010-DO</b>	<b>Duración media dos estudos</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en BBAA: 4,51	Grao en BBAA: 4,58
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: 1,33	Mestrado en ACCI: 1,24
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA: 2,13	Mestrado en LIAA: 2,06
<b>I011-DO</b>	<b>Taxa de rendemento</b>	Grao en BBAA: >80%	Grao en BBAA: 82%	Grao en BBAA: 81%
		Mestrado en ACCI: >90%	Mestrado en ACCI: 94%	Mestrado ACCI: 97%
		Mestrado en LIAA: >90%	Mestrado en LIAA: 92%	Mestrado LIAA: 92%
<b>I012-DO</b>	<b>Taxa de abandono</b>	Grao en BBAA: >15%	Grao en BBAA: 11,72%	Grao en BBAA: 14,71%
		Mestrado en ACCI: >10%	Mestrado en ACCI: 0%	Mestrado en ACCI: 0%
		Mestrado en LIAA: >15%	Mestrado en LIAA: 12,50%	Mestrado en LIAA: 0%
<b>I013-DO</b>	<b>Taxa de eficiencia</b>	Grao en BBAA: >90%	Grao en BBAA: 93%	Grao en BBAA: 90%
		Mestrado en ACCI: >90%	Mestrado en ACCI: 97%	Mestrado en ACCI: 96%
		Mestrado en LIAA: >90%	Mestrado en LIAA: 97%	Mestrado en LIAA: 96%



<b>I014-DO</b>	<b>Taxa de graduación</b>	Grao en BBAA: >60%	Grao en BBAA: 51,54%	Grado en BBAA: 58,02%
		Mestrado en ACCI: >75%	Mestrado en ACCI: 93,33%	Mestrado ACCI: 93,33%
		Mestrado en LIAA: >75%	Mestrado en LIAA: 87,50%	Mestrado LIAA: 94,12%
<b>I015-DO</b>	<b>Taxa de éxito</b>	Grao en BBAA: >90%	Grao en BBAA: 95%	Grao en BBAA: 96%
		Mestrado en ACCI: >90%	Mestrado en ACCI: 100%	Mestrado en ACCI: 100%
		Mestrado en LIAA: >90%	Mestrado en LIAA: 100%	Mestrado en LIAA: 100%
<b>I016-DO</b>	<b>Tempo medio para atopar emprego</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Non Dispoñible	Grado en BBAA: 8,14 meses
<b>I017-PE</b>	<b>Porcentaxe de PAS en formación</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Todas as titulacións: 43,70%%	Todas as titulacións: 51,65%
<b>I017(2)-PE</b>	<b>Profesorado en programas de formación</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en BBAA: 6	Grao en BBAA: 4
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: 2	Mestrado en ACCI: 1
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA: 3	Mestrado en LIAA: 5
<b>I02-PE</b>	<b>Cualificación do PDI</b>			
			Graduado en Bellas Artes. Categoría de profesor e % de doutores:  CU: 4 de 4 = 100% TU: 24 de 24 = 100% CD: 11 de 11 = 100%  TEU: 1 de 2 = 50,00% Asoc T3: 0 de 1 = 0% Prof Ax: 1 de 1 = 100% Prof. Contratado/a interino/a: 2 de 7 = 28,5% Contratado/a FPI: 0 de 1 = 0,00% Contratado/a predoutoral Uvigo: 0 de 4 = 0,00% Contratado/a predoutoral Xunta: 0 de 2 = 0,00%	
			Mestrado Universitario en Arte Contemporánea	

			Prof. Invitado: 1 de 6 = 16,67% CU: 1 de 1 = 100% PT: 12 de 12 = 100% CD: 6 de 6 = 100%	
			Mestrado Universitario en Libro Ilustrado y Animación Audiovisual Prof. Invitado: 0 de 7 = 0,00% CU: 1 de 1 = 100% Prof. Asoc. T3: 0 de 1: 0,00% TU: 2 de 2: 100% CD: 2 de 2: 100%	
<b>I03-PE</b>	<b>Resultados de investigación de carácter académico ( Sexenios)</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grado en BBAA: 61	Grado en BBAA: 56
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: 33	Mestrado en ACCI: 24
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA: 0	Mestrado en LIAA: 0
<b>I03(2)-PE</b>	<b>Profesorado por categoría</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grado en BBAA: CU: 4 TU: 24 CD: 11 TEU: 2 AD: 1 PA-T3: 1 P. Contratado Interino: 7 P. Contratado FPI: 1 P. Contratado Predoutoral Uvigo: 4 P. Contratado Predoutoral Xunta: 2	Grado en BBAA: CU: 5 TU: 25 CD: 11 TEU: 2 AD: 2 PA-T3: 1 Contratado Predoutoral Uvigo: 3 Contratado Predoutoral Xunta: 2 Contratado FPU: 1
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado ACCI: CU: 1 TU: 12 CD: 6 Profesorado externo: 6	Mestrado ACCI: CU: 3 TU: 11 CD: 7 PA-T3: 1
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado LIAA: CU: 1 TU: 2 CD: 2 Profesor Asociado T3: 1 Profesorado externo: 7	Mestrado LIAA: CU: 1 TU: 1 TEU: 1 CD: 2 Profesorado externo: 8

## II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento:

II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento:				
Indicadores de Seguimento			Resultado/s Curso 16/17	Resultado Curso 15/16
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en Belas Artes: Ensino Secundario con PAAU: 106 Titulo de Licenciatura: 1 Acceso maiores de 25 anos: 5 FP: 12 Técnico Superior de Artes Aplicadas: 5 Acceso maiores 45 anos: 1	Grao en Belas Artes: Ensino Secundario con PAAU: 114 Acceso maiores de 25 anos: 1 FP: 5 Técnico Superior de Artes Aplicadas: 8 Acceso maiores 45 anos: 2
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: Título de licenciado: 4 Validación de estudos estranxeiros: 3 Graduados superiores: 16	Mestrado en ACCI: Título de licenciado: 2 Validación de estudos estranxeiros: 2 Graduados superiores: 20 Enxeñería Técnica: 1
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA: Título de Licenciado: 2 Graduados Superiores: 14	Mestrado en LIAA: Título de Licenciado: 4 Graduados Superiores: 13 Validación de estudos estranxeiro: 3
I8	Resultados de avaliación docente		Participación	
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en Belas Artes: 45,74%	Grao en BBAA: 36,04%
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: 36,05%	Mestrado en ACCI: 28,42%
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA: 68,87%	Mestrado en LIAA: ND
			<b>Resultado</b>	
		Grado en Belas Artes >2,5 sobre 5	Grao en Belas Artes: 3.76	Grao en Belas 3,73
		Mestrado en ACCI: >2,5 sobre 5	Mestrado en ACCI: 4,05	Mestrado en ACCI: 3,69
		Mestrado en LIAA: >3,2 sobre 5	Mestrado en LIAA: 3,92	Mestrado en LIAA: 4,19

<b>I9</b>	<b>% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Centro Facultade de Belas Artes*: 0%  * Datos so dispoñibles por centro.	ND
<b>I10</b>	<b>Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade</b>	Non existen obxectivos de calidade asociados	Grao en Belas Artes: 2	Grao en Belas Artes: 3
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en ACCI: 1	Mestrado en ACCI: 2
		Non existen obxectivos de calidade asociados	Mestrado en LIAA: ND	Mestrado en LIAA: ND
<b>I11</b>	<b>Distribución do alumnado por centro de prácticas</b>	Nome da empresa Entidade	Grao en Belas Artes	
		Alquimia Art Studio	6	
		Amanita Studio	1	
		Arte Miuda	1	
		Asociación Socioeducativa Cultural e Escola de Tempo Libre Paspallás	1	
		Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	3	
		Fundacion Liste Museo Etnografico de Vigo	2	
		Matriuska Producciones S.L.	3	
		Max Mara	1	
		Real Academia de Bellas Artes de San Fernando	1	
		SGEP	1	
		Sinsalaudio	1	
		Trupp	1	
		Vaidhé	1	
			Mestrado en ACCI	
		Latamuda Arte Contemporáneo	3	
		MATRIUSKA PRODUCCIONES S.L.	1	
		Lab_In, Vigo	3 alumnos	
		MARCO, Vigo	7 alumnos	
		Fundación Eugenio Granell, Santiago	1 alumna	
Latamuda, Pontevedra	1 alumno			

		Fundación RAC, Pontevedra	1 alumna	
		Museo Ramón María Aller, Lalin	1 alumno	
		Fundación Cultura de Paz / A Fundación Santiago / Pontevedra	2 alumnas	
		Bienal de Cerqueira	1 alumno	
			Mestrado en LIAA	
		Lightbox Comunicación Audiovisual (Oporto)	1	
		Editorial OQO (Pontevedra)	7	
		Creappcuentos (Pontevedra)	5	
		Editorial galaxia (Vigo)	1	
		Ficción Producción (Santiago Compostela)	1	
		ACC Tierra Quemada (Soria)	1	
		Garaxe Hermético (Pontevedra)	2	
<b>I14</b>	<b>Resultados de inserción laboral</b>		ND * Os últimos datos sobre inserción laboral da Uvigo da titulación datan do ano 2010-2011, e do curso 2012-2013 no caso do SUG	
<b>I15</b>	<b>Media de alumnos por grupo de docencia</b>	Tamaño grupos A	Grao en Belas Artes: 59,85	
		Tamaño grupos B	Grao en Belas Artes: 27,70	
		Tamaño grupos C	Grao en Belas Artes: 24,20	

### Análise dos resultados

Estes resultados deben valorarse para cada titulación, de ser o caso, indicando aqueles os que se asocian con importantes logros ou melloras e os que pola contra denotan debilidades ou aspectos mellorables.

#### Resultados das enquisas do Grao de Satisfacción.

O resultado das enquisas nas tres titulacións para os indicadores nos que existe unha meta de calidade asociada (grao de satisfacción do Estudantado e Profesorado) cúmprense os obxectivos marcados para o curso 16/17. No caso das enquisas para o grao de satisfacción dos titulados non existe unha meta asociada, pero os datos reflexan uns valores similares as enquisas de satisfacción do alumando, o cal pode orientarnos á hora de establecer unha meta de calidade en vindeiros cursos e non parecen indicar grandes debilidades, arroxando valores próximos ao 3 sobre 5 no caso do Grao en BBAA e Mestrado en ACCI. No caso do

MLIAA os valores reflexan un 2,02 que semella algo baixo por comparación e compre analizar as súas causas en vindeiros cursos. No caso das enquisas a empregadores, tampouco existe unha meta de calidade, e os resultados son moi dispares. No caso do Grao en BBAA a puntuación obtida é dun 5 sobre 5, a máxima posible, o cal supón unha grande fortaleza e presupón unha grande capacidade de adaptación ao entorno profesional do alumando. Valoranse especialmente a versatilidade e capacidade de esforzo do traballador/a titulado/a, e demándase unha maior relación co mundo empresarial xa dende a formación.

No caso do Mestrado en ACCI a puntuación obtida é moi baixa, 1,67 sobre 5, e resulta chamativo a disparidade dos resultados obtidos entre dúas titulacións que supoñen unha continuidade na formación do alumnado con perfís similares. A menor puntuación obtida corresponde á relación entre o nivel de adecuación de formación e o perfil profesional, sen embargo a puntuación é maior no que se refire á satisfacción co desempeño profesional.

No caso do Mestrado en LIAA non existen datos das enquisas.

Sen embargo é preciso sinalar que o baixo número de participantes nas enquisas de empregadores (1 empresa no caso do Grao en BBAA e 2 no caso do Mestrado en ACCI) fai que os resultados non sexan suficientes para sacar conclusións claras. Proponse polo tanto como acción de mellora para todas as titulacións do centro unha maior atención aos empregadores co obxectivo de aumentar a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción.

#### Notas de acceso e Matrículas de novo ingreso

A nota media de acceso cumpre os obxectivos marcados, incrementándose no caso do Grao en BBAA e no Mestrado en ACCI con respecto ao curso 15/16. A nota mínima de acceso viuse incrementada no Grao en Belas Artes ata un 5,8, e no Mestrado en LIAA ata o 6,55. Estes datos fan que se cumpran os obxectivos de número de matrículas ofertadas pola titulación Grao en BBAA e Mestrado en ACCI. No caso do Mestrado en LIAA descende a matrícula ata 16, non cumprindo os obxectivos mínimos, pero agardase un incremento das matrículas gracias aos cambios efectuados na memoria do mestrado para incluír a formación non presencial a distancia para o curso 17/18.

En relación aos datos analizados anteriormente, as taxas de Ocupación, Preferencia e Adecuación cumpren as metas marcadas no Grao en Belas Artes. No caso do Mestrado en ACCI manteñense en valores similares ao curso anterior (non existe meta asociada). No caso do Mestrado en LIAA os porcentaxe de Ocupación e Preferencia son baixos relacionados coa escasa matrícula de novo ingreso, algo que se agarda solucionar no vindeiro curso como anteriormente afirmabamos. A taxa de Adecuación mantense no MLIAA mantense en valores altos.

#### Grao de satisfacción do estudiantado, profesorado e persoas tituladas.

Aínda que non existe meta de calidade asociada, a porcentaxe de participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado semella que ofrece valores altos.

O Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado e coa planificación en desenvolvemento do ensino cumpre coas metas marcadas, destacando especialmente no caso do MLIAA.

No caso do Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino tamén cumpre os obxectivos marcados (no caso do Grao en BBAA acadou un 3,16 para unha meta do 3,2) destacando especialmente o dato do MLIAA con un 4,35.

O Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino non posúe metas de calidade asociadas. Os resultados acadados mantéñense en valores similares aos do curso anterior, e os valores tamén son similares aos reflexados na mesma enquisa para o alumnado, o cal resulta coherente.

#### Programas de mobilidade e estudantes estranxeiros.

Unha das fortalezas do centro, especialmente na titulación de Grao en Belas Artes, é a consolidación curso tras curso da mobilidade do alumnado. Durante o curso 16/17 produciuse unha consolidación na participación da mobilidade internacional, acadando no Grao en Belas Artes 53 alumnos de intercambio.

Así mesmo, o número de estudantes estranxeiros descendeu ata os 8 alumnos en todas as titulacións.

Porcentualmente, a Facultade de Belas Artes é un dos centros da Universidade de Vigo máis activos en participación de programas de mobilidade, tanto en alumnos recibidos como enviados fora, o cal supón unha das súas maiores fortalezas. Durante o curso 16/17 realizouse un importante esforzo por parte da dirección do centro e o Vicedecanato de Relacións Internacionais en coordinar reunións informativas dirixidas ao alumnado interesados en programas de intercambios Erasmus e internacional e programas de intercambio nacionais, tal e como queda reflexado no Informe de Coordinación do curso <http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=352> . Realizaronse tamén melloras na comunicación da páxina web da facultade ao respecto da información en idioma estranxeiro dirixido a alumnos internacionais, tal e como reflexado nos plans de mellora cumpridos no curso 14/15.

A Duración media dos estudos sitúanse en valores moi similares aos do curso pasado, se ben en todas as titulacións vironse incrementados en unhas poucas décimas.

A Taxa de Rendemento supera o obxectivo nas tres titulacións do centro, sendo a máis axustada a do Grao en Belas Artes situándose no 82% cun obxectivo do 80%.

A Taxa de Abandono cumpre os obxectivos nas tres titulacións. Sufre un incremento considerable no caso do MLIAA dun 12,50 % con respecto ao curso pasado que foi do 0%, sen embargo ao tratarse dun Mestrado con un número mínimo de alumnos os abandono limitáanse a 2 persoas, o cal non supón un problema.

Os obxetivos da Tasa de Eficiencia cúmprense no curso 16/17, e supoñen un lixeiro aumento con respecto ao curso anterior.

A Tasa de graduación da titulación Grao en Belas Artes situouse no curso 16/17 no 51,54%. No curso 15/16 foi do 58,33%. Aínda que na memoria verificada da titulación o obxectivo está no >70%, a evolución histórica nos últimos catro cursos académicos indica que este obxectivo non resulta realista. Trala observación destes datos modificáronse os obxectivos de calidade ata un >60%, agardando á evolución nos vindeiros anos máis acordes coa realidade da titulación, tal e como se indicou no Informe de Revisión pola Dirección do curso pasado. O dato do 51,54% supón non cumprir o obxectivo do 60% e marca unha tendencia descendente na taxa. Tal e como se analizou o curso pasado na comisión do SCIC, diversos factores poden provocar estes datos: o feito do aumento de matrículas a tempo parcial e a compaxinación de estudos e traballo por parte do alumando, e a tendencia cada vez maior do alumnado de cursar o TFG a través de convocatorias extraordinarias ou en segunda matrícula en cursos posteriores aos da finalización do resto de créditos. En todo caso, e tendo en conta que a media da universidade é dun 45,33% no caso dos graos non supón un dato preocupante para a titulación. Proponse como medida de mellora para o vindeiro curso unha atención á evolución da taxa e unha atención a posibles causas que poidan supoñer unha problemática ou poidan ser susceptibles de mellora, tendo en conta tamén a posibilidade dunha modificación das metas asociadas se así se considera oportuno.

Nas titulacións de Mestrado, os obxectivos da Tasa de Graduación situados no >75% foron amplamente superados, tal e como ven acontecendo na serie histórica de datos nos últimos cursos, acadando o Mestrado en ACCI 96% e o Mestrado en LIAC o 87,50%.

A Taxe de Éxito tamén se sitúa moi por encima dos obxectivos de calidade marcados, destacando especialmente os valores do 100% no caso das titulacións de Mestrado.

Profesorado en programas de formación. Aínda que os datos do profesorado en programas de formación son similares aos do curso pasado, os datos resultan moi baixos porcentualmente con respecto ao total do profesorado. Ante a solicitude de suxerencias ao respecto dos cursos de formación organizados pola universidade os resultados son tamén moi baixos. Proponse como acción de mellora para o vindeiro curso unha maior difusión dos cursos organizados pola Área de Formación e Innovación Educativa co obxectivo de fomentar unha maior participación entre o profesorado.

Cualificación do PDI, Resultados de Investigación de carácter académico e Profesorado por categoría.

Dentro do Grao en BBAA existe unha alta porcentaxe de doutores dentro do profesorado contratado indefinido e funcionario, preto do 100%. Cabe destacar o incremento durante o curso 16/17 do profesorado interino como consecuencia de diferentes baixas laborais, aínda que o 28,5 % deles son doutores. Os números de profesores contratados FPI, Predoutoral Uvigo e Predoutoral Xunta mantéñense nos números similares ao curso anterior. Dende a coordinación do grao considérase que a labor do profesorado máis novo resulta fundamental tanto para a súa experiencia docente como para a actualización constante e necesaria de contidos. Os informes de PAT non reflexan ningunha problemática derivada de esta docencia, polo que podemos presupoñer que está sendo positiva.

No caso do Mestrado en ACCI todos os profesores son doutores, agás no caso dos profesores invitados no que so 1 dos 6 (16,67%) é doutor. Sen embargo, tal e como queda reflexado no informe do PAT do curso, un dos puntos mellor valorados no mestrado foi a labor docente dos profesores invitados.

No caso do Mestrado en LIAA o porcentaxe de profesores non doutores é maior, xa que posúe un bo número de profesores invitados e asociados a tempo parcial debido ao carácter específico dos contidos do mestrado que fai preciso recurrir a profesorado invitado externo vinculado ao mundo profesional.

Cabe destacar como feito positivo o aumento do número de sexenios entre o profesorado funcionario e contratado, con un importante incremento con respecto ao curso pasado. No caso do Grao en BBAA vese incrementado en 5 novos sexenios, e no Mestrado en ACCI en 9. Ademais se observamos os datos de porcentaxe de profesorado con 1 sexenio ou máis con respecto ao número total de profesores vemos un incremento constante nos últimos anos, chegando ata o 63,41% no Grao en BBAA e ao 73,68 no Mestrado en ACCI no curso 16/17. Esta é unha tendencia que se ven producindo nos últimos anos, e que sen dúbida repercute na calidade da docencia e na investigación, ademais de repercutir no número de direccións de teses doutorais. No caso do Mestrado en LIAA non existe profesorado con sexenios, algo que sería desexable corrixir nun futuro, pero que dado o carácter profesionalizante do mestrado e a natureza do profesorado que antes mencionabamos non resulta unha carencia tan relevante.

#### Perfil de ingreso do alumnado por titulación de procedencia:

En canto ao Perfil do Estudantado no Proceso de Preinscripción constatamos que, aínda que os estudos de Grao en Belas Artes son únicos no sistema universitario galego, e sendo a única facultade de Belas Artes no Noroeste de España, a procedencia xeográfica do alumnado posúe un carácter principalmente local, sendo as cidades de Vigo e Pontevedra as que máis alumnado aportan. Sen embargo, como aspecto positivo, existe unha gran variedade en canto á procedencia xeográfica en toda España e en países estranxeiros. Especialmente destacado é o caso do Mestrado en LIAA cunha aportación de alumnado que provén doutras universidades españolas así como alumnos extranxeiros provintes esencialmente de Latinoamérica. Na actualidade o Mestrado en LIAA é o único mestrado oficial de ilustración e animación, o que fai que sexan máis os alumnos de fora da comunidade autónoma que de Galicia. Este feito supón unha fortaleza para o Mestrado en LIAA e un referente tamén tanto para as titulacións de Grao como para o Mestrado en ACCI.

En canto á procedencia dos estudos, na titulación de Grao o alumnado provén maioritariamente do Ensino Secundario con PAAU en Bacharelato de Artes: Artes Plásticas, deseño e imaxe e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e en menor medida do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía. Aos estudos de Grao en BBAA pode accederse dende calquera rama do bacharelato, aínda que o bacharelato de Artes Plásticas, deseño e imaxe resulta a elección máis natural. No curso 16/17 destaca un incremento no número de accesos a través da Formación Profesional (12) aínda que os estudos previos non están na maioría dos casos relacionados cos contidos da titulación. Tal e como ven acontecendo dende os inicios da titulación, existe un número constante de alumnado con Acceso a maiores de 25 e 45 anos. Ao tratarse dunha titulación que poderíamos denominar «vocacional» boa parte de ese alumnado cursa a titulación cunha especial motivación.

Nas titulacións de Mestrado a procedencia maioritaria é dos estudos de Grao en Belas Artes, tanto da propia Universidade de Vigo como doutras universidades. Dado o carácter tan específico das titulacións da Facultade de Belas Artes estes datos, en relación á formación e os estudos previos, son os máis lóxicos e óptimos.

#### Resultados de Avaliación Docente

Prodúcese un aumento na porcentaxe de participación nas enquisas de avaliación docente con respecto ao curso pasado, que amosaba porcentaxes moi baixos. Con respecto aos resultados o grao de satisfacción sube no caso do Grao en BBAA e no Mestrado en ACCI, mentres que no Mestrado en LIAA baixa unhas décimas. En todo caso en todos os casos cúmprense sobradamente os obxectivos de calidade marcados.

#### Profesorado que participa en programas de avaliación

Durante a 1º convocatoria do Programa Docentia 2011/12 a 2014/15, ningún profesor foi avaliado nin se presentou a dita convocatoria. Propoñemos como acción de mellora para o vindeiro curso o fomento entre o PDI na participación no programa DOCENTIA.

#### Profesorado que participa en programa de mobilidade



O número de profesores que participan en programas de mobilidade resulta unha debilidade da titulación xa que a porcentaxe é moi baixa (2 no caso do grao e 1 no Mestrado ACCI e 0 no Mestrado de LIAA). Proponse como acción de mellora unha maior difusión entre o profesorado dos programas de mobilidade ofertados pola universidade co obxectivo de subir esa porcentaxe.

#### Distribución do alumnado por centro de prácticas

Dentro das titulacións do centro, so as titulacións de Mestrado posúen prácticas curriculares. O Grao en Belas Artes non conta con prácticas profesionais nos seus contidos, sen embargo si conta con programa de prácticas extracurriculares xestionado pola Fundación Universidade de Vigo. Cabe destacar como fortaleza da titulación que cada vez un número maior de alumnos realiza voluntariamente este tipo de prácticas compaxinandoas cos estudos de grao. Durante o curso 16/17 un total de 23 alumnos/as realizaron prácticas extracurriculares en empresas da contorna e doutras comunidades autónomas. A natureza das actividades do ámbito creativo resulta diversa, froito do perfis variados do alumnado de grao.

Non podemos realizar unha valoración completa desta actividade xa que non se podúaen datos do grao de satisfacción coas prácticas académicas externas. Agardamos que en vindeiros cursos podamos valorar fortalezas e debilidades dun xeito máis obxectivo, pero a xulgar pola tendencia cade vez maior a realizar este tipo de prácticas fai presupoñer que se trata de actividades valoradas e positivas.

No caso das titulacións de Mestrado trátase de prácticas curriculares cabe destacar o alto número de empresas e institucións que acollen ao alumnado en grupos moi reducidos así como a variedade de actividades realizadas. Ao non dispoñer de datos do grao de satisfacción so podemos remitirnos aos informes do PAT no que non se ven reflexado ningunha problemática ao respecto.

#### Media de alumnos por grupos de docencia

O tamaño medio dos grupos no Grao en Belas Artes reflicta unha situación óptima para o desenvolvementos das clases tendo en conta a natureza experimental e práctica da titulación. Durante o curso 16/17 e en cursos anteriores vense facendo un esforzo pola adecuación dos laboratorios e aulas que precisan unha docencia de grupos reducidos, especialmente naquelas materias con un alto compoñente técnico e tecnolóxico. Todas as enquisas de satisfacción, así como en todas as reunións de PAT, o alumnado destaca como valor moi positivo a equipación das aulas, talleres e laboratorios para un traballo en grupos reducido.

#### Resultados de inserción laboral

Os últimos datos sobre inserción laboral da Uvigo da titulación datan do ano 2010-2011, e do curso 2012-2013 no caso do SUG. Ao non existir estudos e/ou resultados de inserción laboral dos titulados do centro recentes non podemos realizar unha valoración de este item.

### II.1.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Nesta epígrafe os centros poden recoller os resultados xerais de participación e satisfacción relativos as enquisas de estudantado, persoas tituladas, empregadores, profesorado e PAS (lémbrese que estas dúas últimas teñen unha periodicidade bienal) dispoñibles na páxina web da Área de Calidade.

[http://calidade.uvigo.es/calidade\\_g/alumnado/encuestas\\_alumnado/](http://calidade.uvigo.es/calidade_g/alumnado/encuestas_alumnado/)

Centro		Facultade de Belas Artes		
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 16/17	Ítems/ epígrafes mellor valorados	ítems epígrafes peor valorados
PAS	Non existen datos do curso 16/17 Enquisa bianual			

Titulación			Grao en Belas Artes		
	Resultados de Participación	Meta de calidade	Satisfacción xeral curso 16/17	Ítems/ epígrafes mellor valorados	ítems epígrafes peor valorados
<b>Alumnado</b>	24%	2,5	2,77	18: A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación 7: A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...) 10: O calendario das probas de avaliación	5: A orientación profesional e laboral 4: A información e orientación recibida sobre os distintos itinerarios curriculares ou especialidades da titulación 9: Os horarios da titulación
<b>Profesorado</b>	52%	3,2	3,45	1: A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos 15: A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación 3: A información dispoñible sobre o	9: A coordinación entre as materias do plan de estudos 4: A organización temporal das materias do plan de estudos 11: A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa

				desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...)	capacitación do persoal
<b>Persoas Tituladas</b>	34%	--	2,66	10: Os servizos (secretería de alumnado, biblioteca...) 9: As infraestructuras e os recursos materiais. 15: A estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación.	4: Orientación profesional e laboral 7: A utilidade das prácticas académica externas 5: A adecuación do profesorado
<b>Empregadores</b>	20%	--	5	Capacidade	Formación Actitude Resolución problemas, innovación

Titulación		Mestrado en Arte Contemporánea: Creación e Investigación			
	Resultados de Participación	Meta de calidade	Satisfacción xeral curso 16/17	Ítems/ epígrafes mellor valorados	ítems epígrafes peor valorados
<b>Alumnado</b>	33%	2,5	2,87	18: A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación  16: Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento  10: O calendario das probas de avaliación  6: A difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...)	13: A coordinación entre as materias do plan de estudos  11: A proporción entre as clases teóricas e as prácticas na titulación  8: A organización temporal das materias do plan de estudos  5: A orientación profesional e laboral

<b>Profesorado</b>	50%	3,2	3,81	6: O calendario das probas de avaliación  1: A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos  3: A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...)  5: Os horarios da titulación	9: A coordinación entre as materias do plan de estudos  14: Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática...)  20: A orientación profesional e laboral ao estudantado da titulación
<b>Persoas Tituladas</b>	24%	--	2,89	9: As infraestructuras e os recursos materiais.  15: A estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación.  10: Os servizos (secretería de alumnado, biblioteca...)	5: Organización temporal das materias do plan estudos.  4: Orientación profesional e laboral  3: Información e orientación académica (para a continuación de estudos.
<b>Empregadores</b>	40%	--	1,67	Capacidade	Formación Actitude Resolución problemas, innovación

<b>Titulación</b>		<b>Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual</b>			
	<b>Resultados de Participación</b>	<b>Meta de Calidade</b>	<b>Satisfacción xeral curso 16/17</b>	<b>Ítems/ epígrafes mellor valorados</b>	<b>Ítems epígrafes peor valorados</b>
<b>Alumnado</b>	18%	3,2	3,07	10: O calendario das probas de avaliación  7: A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación	17: Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática...)

				das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...)  9 Os horarios da titulación. (máis ítems coa mesma puntuación)	1: A información dispoñible sobre as competencias do plan de estudos  22: As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns (máis ítems coa mesma puntuación)
<b>Profesorado</b>	57%	3,2	4,24	1: A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos  6: O calendario das probas de avaliación  15: A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación	9: A coordinación entre as materias do plan de estudos  19: As accións de orientación ao estudantado da titulación  23: As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns
<b>Persoas Tituladas</b>	36%	--	2,07	10: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)  7: A utilidade das prácticas académica externas  15: A estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación.	3: Información e orientación académica(para a continuación de estudos  4: Orientación profesional e laboral  5: A adecuación do profesorado
<b>Empregadores</b>	0%	--	ND	ND	ND

### Análise dos resultados

Resultados das enquisas de satisfacción:

En xeral, os resultados das enquisas de satisfacción cumpren os obxectivos de calidade das titulacións, e non existen importantes desviacións en torno á media de puntuacións, polo que debemos deducir que en ningunha das titulacións existen problemas graves. Non obstante, analizaremos a continuación aqueles aspectos susceptibles de mellora co obxectivo de propoñer accións de mellora no relativo á satisfacción dos axentes implicados.

### Grao en Belas Artes

Os resultados de participación do alumnado baixan con respecto ao curso pasado, sen embargo a puntuación do grao de satisfacción mantense nuns niveis similares e cumpre os obxectivos de calidade.

No caso do profesorado destaca a alta participación superior ao 50% así como unha alta puntuación (3,45 sobre 5).

No caso das persoas tituladas sube tanto a participación como a puntuación.

A porcentaxe de participación de empregadores resulta moi baixo (20%. Dos 5 empregadores consultados so responde 1) e tal e como indicabamos anteriormente propoñemos como acción de mellora para o vindeiro curso a mellora no seguimento de empregadores e alumnos egresados na súa traxectoria profesional. A puntuación acadada é a máxima dun 5, sen embargo aínda que en principio resulta unha fortaleza en relación á inserción laboral dos egresados non podemos realizar unha análise completa en este ítem dada a baixa participación nas enquisas. Comprensivo sinalar que dende os centros resulta moi complicado realizar un seguimento da traxectoria profesional do alumnado egresados. Non existen informes de inserción laboral actualizados na comunidade Galega, polo tanto a información e seguimento so pode ser realizada dun xeito parcial e individual, obtendo a información a partir de testimonios persoais ou a través de plataformas dixitais de acceso público. Dende o centro consideramos que a universidade debe facer un seguimento detallado dos alumnos/as egresados/as dun xeito centralizado para poder analizar fortalezas dou debilidades.

Como os ítems mellor valorados o alumnado valora positivamente a información dispoñible na titulación ao respecto dos horarios, calendarios, probas de avaliación, actividades... Durante os últimos anos fíxose un esforzo en seguir o «Plan Operativo de Información Pública» de cara a un maior acceso á información en todas as canles de comunicación a todos os sectores implicados. Tamén valora positivamente, ao igual que o profesorado e as persoas tituladas, a dispoñibilidade dos fondos bibliográficos, aspecto que se ven valorando moi positivamente durante os anteriores cursos académicos por todos os axentes implicados.

Unha cuestión transversal a alumnado, titulados e profesores é a necesidade de potenciar a información e orientación profesional e laboral, así como a información sobre a continuación dos estudos. Tal e como indicamos no «Informe de Coordinación do curso 16/17» realizáronse ao longo do curso charlas informativas destinadas a todo o alumnado do centro sobre estas cuestións. Incidiuse especialmente nas charlas sobre a continuación dos estudos de mestrado para o caso do grao e doutoramento para o caso do mestrado. Agardamos que a valoración de estes aspectos mellore en vindeiro anos.

O profesorado valora positivamente a información sobre as competencias do plan de estudos e o calendario das probas de avaliación. Como ítems menos valorados e que afectan ao desenvolvemento da ensinanza destaca a coordinación das diferentes materias do plan de estudos así como as accións de orientación ao estudiantado. En estes ítems temos que remitirnos ao «Informe de Coordinación do curso 16/17 <http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=352> » no que analizamos con detalle estas problemáticas.

As persoas tituladas volven a valorar positivamente os servizos ofertados polo centro, como a biblioteca, a secretaría de alumnado e os recursos materiais dispoñibles. En xeral a estancia na Universidade de Vigo é moi ben valorada. Os ítems menos valorados son a orientación profesional laboral, preocupación común tamén a alumnos que cursan o grao en Belas Artes.

### **Mestrado en Arte Contemporánea: Creación e Investigación**

No caso do MACCI as puntuacións acadadas por todos os sectores cumpren os obxectivos de calidade marcados. Destaca a alta participación do profesorado nas enquisas.

O alumnado valora positivamente en xeral as instalacións do centro, laboratorios e obradoiros, biblioteca e acceso a fondos bibliográficos. Tal e como indicabamos anteriormente é esta unha das claras fortalezas do centro. Tamén valora positivamente a difusión de actividades extracurriculares. En este sentido, tal e como indican os plans de mellora do curso pasado, fíxose un esforzo na mellora da comunicación cara ao alumnado, potenciando a información tanto na páxina web da titulación como nas redes sociais, co obxectivo dunha mellora na difusión de toda a información.

Os aspectos menos valorados da titulación por parte do alumnado refírense case exclusivamente a problemas de coordinación das materias do plan de estudos, organización temporal e desproporción entre clases teóricas e prácticas. En este sentido temos que indicar que, tal e como indicamos no informe de avaliación do curso pasado, realizouse un cambio substancial no plan de estudos que afecta principalmente a estes aspectos que xa foron detectados nas enquisas de satisfacción. Estes cambios estanse a implantar no curso 17/18 e agardamos que supoñan unha mellora reflexada nos seguintes índices de satisfacción.

O profesorado coincide co alumnado en valorar positivamente a información xeral sobre a titulación dispoñible, así como os calendarios das probas de avaliación e os horarios da titulación. Hai que destacar que en estes dous últimos aspectos realizase

unha importante labor de coordinación cun detallado cronograma de actividades e horarios das materias e probas de avaliación. Como aspectos menos valorados coincide coa opinión do alumnado, pero engade a problemática dos espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado. Este aspecto foi tratado no «Informe de Coordinación do curso 16/17»

As persoas tituladas tamén coinciden en destacar a fortaleza das infraestruturas e recursos materiais que o centro por a disposición da titulación.

Con respecto aos resultados de empregadores non podemos realizar unha valoración dos resultados ao considerar que a porcentaxe de participación é moi baixa (so contestaron á enquisa 2 empregadores dos 5 consultados).

### Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual

No caso do MLIAA as puntuacións acadadas por todos os sectores cumpren os obxectivos de calidade marcados. Sen embargo existe unha baixa participación do alumnado nas enquisas e non existen datos no caso dos empregadores.

O alumnado valora positivamente a información xeral da titulación (horarios, calendario, probas de avaliación...). Sen embargo o alumnado amosa como ítem peor valorado a información sobre as competencias do plan de estudos así como as canles para a realización de QSPs, este último coincidente cos resultados do profesorado. A información destes dous ítems está reflexada dun xeito claro na páxina web do centro (Guías docentes e caixa de QSP), polo tanto debemos deducir que se trata dunha cuestión de información. No acto de acollida do alumnado de primeiro curso (tal e como queda reflexado no «Informe de Coordinación do curso 16/17» <http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=352>) incídese en todos estes aspectos, polo tanto debemos insistir en promover estes protocolos e esta información tamén nas presentacións do resto de cursos. Resulta algo contradictorio que o profesorado indique como un dos ítems máis valorados a información dispoñible dos obxectivos e as competencias da titulación, e sen embargo como menos valorado as canles para a realización das queixas QSP.

Outro ítem cunha valoración menor é a dos espazos destinados ao traballo autónomo. Anteriormente xa analizamos a problemática no centro ao respecto dos espazos de traballo nunha titulación cunhas necesidades específicas. Remitímonos á análise antes realizada para este ítem.

O profesorado tamén valora positivamente a información xeral da titulación (horarios, calendario, probas de avaliación...)

En canto as persoas tituladas os ítems máis e menos valorados coinciden coas do Mestrado en Arte Contemporánea.

### II.1.4 Indicadores por materia

Titulación:		Grao en Belas Artes		
Panel de indicadores por materia		Materia	Resultado Curso 16/17	Resultado Curso 15/16
<b>IM01</b>	<b>Taxa de éxito</b>	Informática: Técnicas informáticas	100%	99%
	Tasa de éxito Grao en BBAA: 95%	Expresión gráfica: Sistemas de representación	100%	100%
	Tasa de éxito Grao na Uvigo: 83%	Técnicas gráficas	100%	99%
	Taxa de éxito do TFG:100%	Procesos de espazo e tempo	100%	97%
		Arte e espazo social	100%	100%
		Proxectos de arte de acción	100%	100%
		Proxectos de debuxo e pintura	100%	98%
		Proxectos de escultura e instalacións	100%	100%
		Proxectos fotográficos	100%	100%
		Proxectos gráficos dixitais	100%	100%

		Xestión, ámbito artístico e mundo profesional	100%	100%
		Transmisión, mediación e educación artística	100%	99%
		Traballo de Fin de Grao	100%	100%
		Técnicas pictóricas	99%	97%
		Expresión artística: Materia-Cor	99%	99%
		Artes afíns	98%	100%
		Antropoloxía: Antropoloxía da arte	98%	100%
		Produción artística: Obxecto e espazo	98%	99%
		Escultura	89%	86%
		Proxectos videográficos	89%	94%
		Técnicas fotográficas	83%	87%
		Arte: Arte e modernidade	83%	81%
		Produción artística: Audiovisuais	80%	82%
<b>IM02</b>	<b>Taxa de avaliación</b>	Expresión gráfica: Sistemas de representación	97%	98%
	Tasa de avaliación en BBAA: 87%	Antropoloxía: Antropoloxía da arte	96%	91%
	Tasa de avaliación Graos na Uvigo: 86%	Expresión artística: Debuxo-Forma	95%	91%
	Taxa de avaliación do TFG: 76%			
		Produción artística: Obxecto e espazo	78%	78%
		Imaxe en movemento	78%	74%
		Traballo de Fin de Grao	76%	75%
		Produción artística: Imaxe II	76%	79%
		Proxectos de arte de acción	68%	84%
<b>IM03</b>	<b>Taxa de rendemento</b>	Expresión gráfica: Sistemas de representación	97%	98%
	Tasa de rendemento en BBAA: 82%	Técnicas gráficas	94%	90%
	Tasa de rendemento nos graos da uvigo: 71%	Antropoloxía: Antropoloxía da arte	93%	91%
	Taxa de Rendemento do TFG: 76%	Informática: Técnicas informáticas	93%	89%
		Produción artística: Imaxe II	71%	79%
		Produción artística: Audiovisuais	69%	65%
		Proxectos de arte de acción	68%	84%

<b>Titulación:</b>		<b>Mestrado en Arte Contemporánea: Creación e Investigación</b>		
<b>Panel de indicadores por materia</b>		<b>Materia</b>	<b>Resultado Curso 16/17</b>	<b>Resultado Curso 15/16</b>
<b>IM01</b>	<b>Taxa de éxito</b>	Recursos Cognitivos e Metodolóxicos	100%	100%
	Tasa de éxito no Mestrado en ACCI: 100%	Tendencias e Modos de Producción Contemporánea	100%	100%
	Tasa de éxito nos mestrados da uvigo: 99%	Perspectivas Actuais	100%	100%
	Taxa de Éxito do TFM: 100%	Proxecto Expositivo	100%	100%



		Prácticas Externas	100%	100%
		Taller de Investigador Invitado	100%	100%
		Traballo de Fin de Mestrado	100%	100%
		Laboratorio de Espazo (II)	100%	100%
		Laboratorio de Tempo (II)	100%	100%
		Laboratorio de Número (II)	100%	100%
		Laboratorio de Unicidade (II)	100%	100%
		Taller Fotográfico	100%	100%
		Laboratorio de Espazo (I)	100%	100%
		Laboratorio de Tempo (I)	100%	100%
		Laboratorio de Número (I)	100%	100%
		Laboratorio de Unicidade (I)	100%	100%
		Taller de Artista Invitado	100%	100%
		Liñas de Investigación	100%	100%
		Modelos e Disciplinas Auxiliares	100%	100%
		Gnoseoloxía da Arte	96%	100%
<b>IM02</b>	<b>Taxa de avaliación</b>	Gnoseoloxía da Arte	100%	100%
	Tasa de avaliación no MACCI: 95%	Proxecto Expositivo	100%	100%
	Tasa de avaliación nos mestrados da uvigo: 91%	Prácticas Externas	100%	94%
	Taxa de Avaliación do TFM: 92%	Laboratorio de Espazo (II)	100%	100%
		Laboratorio de Número (II)	100%	100%
		Laboratorio de Unicidade (II)	100%	100%
		Taller Fotográfico	100%	ND
		Laboratorio de Tempo (I)	100%	ND
		Taller de Artista Invitado	100%	ND
		Liñas de Investigación	100%	88%
		Modelos e Disciplinas Auxiliares	100%	92%
		Tendencias e Modos de Producción Contemporánea	96%	100%
		Taller de Investigador Invitado	94%	100%
		Laboratorio de Número (I)	94%	100%
		Laboratorio de Unicidade (I)	91%	100%
		Laboratorio de Tempo (II)	89%	100%
		Laboratorio de Espazo (I)	89%	100%
		Recursos Cognitivos e Metodolóxicos	88%	100%
<b>IM03</b>	<b>Taxa de rendemento</b>	Proxecto Expositivo	100%	100%
	Tasa de rendemento no MCCI: 94%	Prácticas Externas	100%	94%
	Tasa de rendemento nos mestrados na uvigo: 90%	Laboratorio de Espazo (II)	100%	100%
	Taxa de Rendemento do TFM: 92%	Laboratorio de Número (II)	100%	100%
		Laboratorio de Unicidade (II)	100%	100%
		Taller Fotográfico	100%	ND
		Laboratorio de Tempo (I)	100%	100%
		Taller de Artista Invitado	100%	ND
		Liñas de Investigación	100%	88%

		Modelos e Disciplinas Auxiliares	100%	92%
		Gnoseoloxía da Arte	96%	100%
		Tendencias e Modos de Producción Contemporánea	96%	100%
		Taller de Investigador Invitado	94%	100%
		Laboratorio de Número (I)	94%	100%
		Laboratorio de Unicidade (I)	91%	100%
		Laboratorio de Tempo (II)	89%	100%
		Laboratorio de Espazo (I)	89%	100%
		Recursos Cognitivos e Metodolóxicos	88%	100%

Titulación:		Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual		
Panel de indicadores por materia		Materia	Resultado Curso 16/17	Resultado Curso 15/16
<b>IM01</b>	<b>Taxa de éxito</b>	Fundamentos do Proxecto Didáctico-Pedagóxico	100%	100%
	Tasa de éxito no MLIAA: 100%	O Proceso Literario	100%	100%
	Tasa de éxito nos mestrados da uvigo: 99%	Proxecto Libro Ilustrado	100%	100%
	Taxa de Éxito do TFM: 100%	Proxecto Álbum Ilustrado	100%	100%
		Proxecto Animación Audiovisual Tradicional	100%	100%
		Proxecto Animación Audiovisual Stop Motion	100%	100%
		Implementación Didáctica: Recursos	100%	100%
		Prácticas en Empresas	100%	100%
		Traballo de Fin de Mestrado	100%	100%
		Fundamentos da Imaxe Plástica	100%	100%
		Fundamentos da Imaxe Dixital	100%	100%
		O Proceso Literario	100%	100%
		O Proceso Plástico Secuencial	100%	100%
		Proceso de Animación Audiovisual I	100%	100%
		O Libro Ilustrado: Proceso Creativo	100%	95%
		Proceso de Animación Audiovisual II	100%	100%
		Proceso de Edición e Posproducción Audiovisual	100%	100%
		Fundamentos do Proxecto Didáctico-Pedagóxico	100%	100%
<b>IM02</b>	<b>Taxa de avaliación</b>	Proxecto Libro Ilustrado	100%	92%
	Tasa de avaliación no MLIAA: 95%	Proxecto Álbum Ilustrado	100%	100%
	Tasa de avaliación nos mestrados da uvigo: 91%	Proxecto Animación Audiovisual Tradicional	100%	75%
	Taxa de Avaliación do TFM: 90%	Proxecto Animación Audiovisual Stop Motion	100%	100%
		Implementación Didáctica: Recursos	100%	100%
		Proceso de Edición e Posproducción Audiovisual	100%	95%
		Prácticas en Empresas	95%	100%
		Fundamentos da Imaxe Dixital	94%	90%
		O Proceso Plástico Secuencial	94%	95%
		Proceso de Animación Audiovisual I	94%	95%
		Proceso de Animación Audiovisual II	94%	91%

		O Libro Ilustrado: Proceso Creativo	87%	95%
		O Proceso Literario	81%	80%
		Fundamentos do Proxecto Didáctico-Pedagóxico	81%	80%
		O Proceso Literario	50%	80%
<b>IM03</b>	<b>Taxa de rendemento</b>	Proxecto Libro Ilustrado	100%	92%
	Tasa de rendemento no MLIAA: 92%	Proxecto Álbum Ilustrado	100%	100%
	Tasa de rendemento nos mestrados na uvigo: 90%	Proxecto Animación Audiovisual Tradicional	100%	75%
	Taxa de Rendemento do TFM: 90%	Proxecto Animación Audiovisual Stop Motion	100%	100%
		Implementación Didáctica: Recursos	100%	100%
		Proceso de Edición e Posproducción Audiovisual	100%	95%
		Prácticas en Empresas	95%	100%
		Fundamentos da Imaxe Dixital	94%	90%
		O Proceso Plástico Secuencial	94%	95%
		Proceso de Animación Audiovisual I	94%	95%
		Proceso de Animación Audiovisual II	94%	91%
		O Libro Ilustrado: Proceso Creativo	87%	95%
		O Proceso Literario	81%	80%
		Fundamentos do Proxecto Didáctico-Pedagóxico	81%	80%
		O Proceso Literario	50%	

	<b>Referencias aos informes de cualificación por materia</b>
	Deberán recollese os datos mais salientables da titulación correspondente

### Análise dos resultados

Realizaranse unha valoración dos resultados, indicando aqueles que se asocian con importantes logros ou avances e indicando aqueles outros que pola contra denotan debilidades. E importante analizar neste punto os resultados asociados ao TFG/TFM

#### Grado en Belas Artes

En xeral non existen nas taxas de éxito, avaliación e rendemento desviacións importantes con respecto á media da titulación nin na media da Universidade de Vigo. Con respecto aos resultados do curso anterior non se produciron importantes desviacións nin alteracións, tratándose na maioría das ocasións dunhas diferencias de décimas.

#### Taxa de éxito

Existen varias materias cun valor máximo do 100%. Os valores máis baixos son similares a media da universidade e considéranse normais.

#### Taxa de avaliación

Tres materias presentan unha taxa de avaliación máis alta que a media da universidade, mentres que existen 5 materias con taxas máis baixas que a media, oscilando entre o 78% e o 68%. No caso da asignatura Proxectos de Arte de Acción presenta

unha taxa baixa do 68%, pero trátase dunha asignatura con pouco alumnado e con un so grupo que fai que as porcentaxes poidan variar facilmente.

#### Taxa de rendemento

A taxa de rendemento tamén ofrece valores positivos altos, mentres que os valores máis baixos sitúanse en torno á media da universidade.

Analizando os datos por materia de estas tres taxas, e relacionando os valores da taxa de graduación da titulación, poderemos chegar a certas conclusións. Anteriormente analizabamos o non cumprimento do obxectivo da Taxa de Graduación, sen embargo os valores da taxa de rendemento son altos. Esta situación implica que o alumnado permanece na titulación un número maior dos 4 anos + 1, sen embargo si aproba os créditos nos que se matricula nunha alta porcentaxe. No caso do TFG a taxa de éxito é do 100% pero as taxas de rendemento e avaliación é do 76%, o cal nos indica que o alumnado matriculado no mesmo finalmente non se presenta e prolonga as convocatorias durante máis dun ano. Estas circunstancias compre analizalas para obter unha explicación dos valores das taxas de graduación.

#### Mestrado en Arte Contemporánea: Creación e Investigación

O Mestrado presenta unhas taxas moi altas e non presentan grandes desviacións con respecto á media das taxas dos mestrados da Universidade de Vigo. No caso do TFM presenta unha taxa de éxito do 100% e unha taxa de avaliación e rendemento do 92%. En función de estos resultados debemos supoñer que non existen problemas derivados de estas taxas.

#### Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual

O Mestrado presenta unhas taxas moi altas e non presentan grandes desviacións con respecto á media das taxas dos mestrados da Universidade de Vigo. No caso do TFM presenta unha taxa de éxito do 100% e unha taxa de avaliación e rendemento do 90%. En función de estos resultados debemos supoñer que non existen problemas derivados de estas taxas.

### II.1.5. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)

Non existe outros indicadores propios do centro/títulos

### II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas

		Sinalar (si procede) á titulación) á que corresponden	Resultado Curso 16/17	Resultado Curso 15/16
<b>Queixas</b>				
Relativas á:	<b>Docencia</b>	Grao en BBAA	16	4
Relativas á:	<b>Infraestruturas</b>	Centro	2	0
Relativas á:	<b>Servizos</b>	Centro	1	9
<b>Suxestións</b>				
Relativas á	<b>Docencia</b>	Grao en BBAA	1	1
Relativas á	<b>Infraestruturas</b>		0	0
Relativas á	<b>Servizos</b>		0	0
<b>Parabéns</b>				
Relativas á	<b>Docencia</b>		0	1
Relativas á	<b>Infraestruturas</b>		0	0
Relativas á	<b>Servizos</b>		0	0

---

## Análise dos resultados

QSP relativas á Docencia. As queixas recibidas e dirixidas ao ámbito da docencia, cuantitativamente sofren un aumento considerable con respecto ao curso 15/16, chegando ata as 16 queixas, todas elas no Grado en Belas Artes. A maioría delas refírense ao xeito de organizar e impartir a docencia de varios docentes, a aspectos xerais da docencia no Grao en Belas Artes e a aspectos da valoración por parte dos tribunais do TFG. A pesar do aumento significativo no número de queixas, é preciso sinalar que boa parte delas foron formuladas por varios alumnos/as ou docentes sobre unha mesma temática ou asunto. En boa parte dos casos non foron aportados argumentos sólidos máis alá de interpretacións persoais por parte dos emisarios das queixas, ou os argumentos aportados contradicían as normativas internas do centro, como no caso do cuestionamento da designación de coordinadores de curso e PAT. En todos os casos na que os argumentos das queixas foron considerados obxectivos acudiuse dende a dirección do centro a solicitar ao docente implicado a súa versión dos feitos e estes foron aclarados.

Destaca especialmente as queixas reiteradas por parte do alumnado á actuación dun dos tribunais de valoración dos TFGs cuestionando os criterios de valoración e as puntuacións outorgadas. Dende a dirección do centro solicitouse aos membros de dito tribunal que aclarasen os criterios de puntuación que afectaban a varios alumnos. Este tribunal aclarou tales criterios e reafirmouse nas súas valoracións. É preciso sinalar o alto grado de complexidade na organización, presentación e valoración dos TFG e TFM das titulacións do centro. A gran variedade de temáticas elixidas polo alumnado propicia unha conflictividade tanto nos reparto das titorizacións como na valoración por parte dos diferentes tribunais. No curso pasado, dende a Xunta de Centro e a proposta da dirección de centro, creouse un grupo de traballo para valorar posibles cambios ou melloras na organización e planificación do TFG do Grao en Belas Artes.

Recibiuse durante o curso 16/17 unha soa Suxestión relativa aos criterios por parte do profesorado sobre o uso de materiais nas diferentes asignaturas no Grao en Belas Artes.

### QSP relativas á Servizos.

So foi recibida unha queixa ao respecto dos servizos do centro. Dita queixa foi relativa ao persoal de conserxería, un malentendido aclarado por parte do administrador do centro.

### QSP relativas á Infraestruturas.

Prodúcese un descenso de Queixas con respecto ao curso pasado, recibindo so dúas queixas relativas a infraestruturas do centro. A queixa máis relevante recibida foi con respecto á problemática dos malos cheiros na aula de pintura, e resolveuse a través das obras realizadas pola Unidade Técnica.

## II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

Procedemento	Código	Rexistro/Evidencia	Estado Situación			
Planificación e desenvolvemento estratéxico	R1-DE01P1	Plan estratéxico do centro				X
Seguimento e medición	R1-DE02P1	Panel de indicadores	X			
Revisión do sistema pola dirección	R1 -DE03P1	Informe de revisión do sistema pola dirección	X			
Deseño, autorización y verificación das titulacións oficiais*	R1-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación				X
	R2-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación				X
Seguimento e mellora das titulacións	R1-DO0102P1	Informes anuais de seguimento	X			
	R2-DO0102P2	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)	X			
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (U.Vigo)	X			
Suspensión e extinción dunha titulación*	R1-DO0103P1	Resolución de extinción dun título				X
	R2-DO0103P1	Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG				X
Planificación e desenvolvemento da ensinanza	R1-DO0201P1	Informe de Coordinación	X			
	R2-DO0201P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)	X			
Promoción das titulacións	R1-DO0202P1	Plan de promoción do centro.	X			
Orientación ao estudiantado	R1-DO0203P1	Plan de acción tutorial	X			
	R1-DO0203P1	Informe final de avaliación do PAT	X			
Xestión das prácticas académicas externas	R1- DO0204 P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares		X		
Xestión da mobilidade	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudiantado propio seleccionado	X <sup>1</sup>			
	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo	X <sup>1</sup>			
Información pública e rendemento de conta	R1- DO0301P1	Plan operativo de información pública	X			
Xestións das queixas, suxestións e parabéns	R1-MC02	Comunicación da QSP	X			
	R2-MC02	Informe e proposta de resposta validados	X			
	R3-MC02	Informe QSP Periódico	X			
Satisfacción das usuarias e usuarios	R1-MC05	Proposta de PAESU				X
	R2-MC05	PAESU				X
	R3-MC05	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación				X

	<b>R4-MC05</b>	Informe de resultados de avaliación				X
	<b>R5-MC05</b>	Informe de seguimento do PAESU				X
<b>Xestión do PAS</b>	<b>R1-PE01</b>	Identificación de necesidades do PAS do centro	X			
	<b>R2-PE01</b>	<b>Identificación de necesidades do PAS do centro</b>	X			
<b>Xestión do PDI</b>	<b>R1-PE02</b>	<b>Resultados de avaliación docente anuais</b>	X			
	<b>R2-PE02</b>	<b>Informe para responsables académicos</b>	X			
	<b>R2-PE02</b>	<b>Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas</b>	X			
	<b>R4-PE02</b>	Ficha de programa/ actividade de formación	X			
<b>Xestión de recursos materiais*</b>	<b>IT01-PA07</b>	Criterios de selección de recursos materiais e provedores	X			
	<b>IT02-PA07</b>	Ficha de solicitude do recurso material	X			
<b>Xestión de servizos*</b>	<b>IT01-PA08</b>	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro	X			
	<b>IT012PA08</b>	Informe de resultados dos servizos contratados	X			

1. Listados custodiados pola Oficina de Relacións Internacionais ORI da Universidade de Vigo

Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación	
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...)	
Non comezada para ningunha titulación	
Non procede	

### II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

Os centros poden engadir, neste informe outros resultados relevantes para o centro, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.

Poden incluírse referencia ou recortes relevantes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.

## III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Accións de mellora *	Grao en BBAA			Mestrado en ACCI			Mestrado en LIAA		
	Estado situación			Estado situación			Estado situación		
Creación dunha axenda dixital de eventos relevantes da facultade (xuntas de facultade, calendario de reunións e convocatorias...) co obxectivo dunha mellora na información e xestión cronolóxica das actividades no centro.	x			x			x		
Revisión da Tasa de Graduación da titulación para adecuala á realidade da titulación e establecer un obxectivo máis realista	x								
Definición de novos obxectivos de calidade para aqueles indicadores dos cales ata o curso 15/16 non se dispoñían de datos (Satisfacción de empregadores, PAS...)		x			x			x	
Establecemento de melloras na visibilidade de actividades e a difusión de logros relevantes como indicadores de impacto na sociedade e no mundo da arte				x					
Melloras na xestión das redes sociais (Facebook).				x					
Melloras e optimización na xestión da docencia do profesorado externo (artista invitado, conferenciantes...)				x					
Incidir nas campañas para o incremento da participación nas enquisas de satisfacción coa titulación en todos os colectivos	x			x			x		

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	



## IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores .

Accións de mellora*	Titulación Grao en BBAA	Titulación Mestrado ACCI	Titulación Mestrado LIAA
Revisión e actualización do software dos equipos informáticos nos talleres e laboratorios do centro (Adobe Creative Cloud 2018, Apple Final Cut Pro X, Dragon Frame)	X	X	X
Publicacións periódicas en formato dixital na web do centro de novas relacionadas co estudantado egresado das titulacións do centro (Entrevistas, exposicións, premios...)	X	X	X
Creación dunha ferramenta online de xestión do préstamo de material audiovisual para o alumnado	X	X	X
Maior atención e seguimento de empregadores co obxectivo de aumentar a súa participación nas Enquisas de Satisfacción	X	X	X
Maior difusión dos cursos de formación entre o PDI organizados pola Área de Formación e Innovación Educativa	X	X	X
Fomento e difusión do Programa DOCENTIA entre o PDI co obxectivo de aumentar a participación na avaliación	X	X	X
Maior difusión do programas de mobilidade entre o PDI co obxectivo de aumentar a súa participación	X	X	X

\*Tódalas accións de mellora incorporárase no sistema unificado e centralizado para a xestión de accións de mellora

## V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

### I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Silvia García Gozález. Decana  
 Marcos Dopico Castro. Vicedecano de Calidade e Coordinador de Grao en Belas Artes  
 Carlos Tejo Veloso. Vicedecano de Relacións Internacionais  
 José Chavete Rodríguez. Coordinador do Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual  
 Anne Heyvaert. Coordinadora do Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación  
 Susana Cendán Caaveiro. Vicedecana de Organización Académica  
 Pilar Picas Abella. Representante do alumnado na Comisión de Calidade do Centro  
 Ignacio Barcia Rodríguez. Representante do profesorado na Comisión de Calidade do Centro.

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluir que:

Conclusións relevantes	
1.	Os indicadores dos obxectivos da política de calidade cúmprense de xeito maioritario durante o curso 16/17.
2.	No que respecta aos resultados das enquisas de satisfacción observamos que existen varios items que se repiten tanto nos aspectos positivos como negativos. En termos xerais valorase positivamente o acceso á información dispoñible nos medios e soportes definidos no «Plan Operativo de Información Pública do centro». Sen embargo por parte do alumnado non se valora o acceso á información relativa ao acceso a QSP e a información sobre obxectivos e competencias das titulacións.
3.	Unha das preocupacións tanto por parte de alumnos e egresados como por parte do profesorado é a demanda sobre información dos aspectos laborais e de mercado de traballo.
4.	Non existen estudos actualizados sobre os resultados de inserción laboral, polo que non se pode realizar unha análise fiable da situación. Ademais, os resultados das enquisas a empregadores presentan unha baixa porcentaxe de participación.
5.	Detectase un aumento da participación do alumnado a través do sistema QSP, o cal considerase positivo á hora de detectar problemas nas titulacións e funcionamento do centro.
6.	Os indicadores por materias son en xeral positivos, situándose por encima da media da universidade en cada titulación e sen presentar grandes asimetrías
7.	Por parte do profesorado detectase unha baixa participación nos programas de mobilidade, formación do PDI e programa DOCENTIA.

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	Maior atención e seguimento de empregadores co obxectivo de aumentar a súa participación nas Enquisas de Satisfacción
2.	Maior difusión dos cursos de formación entre o PDI organizados pola Área de Formación e Innovación Educativa

3.	Fomento e difusión do Programa DOCENTIA entre o PDI co obxectivo de aumentar a participación na avaliación
4.	Maior difusión do programas de mobilidade entre o PDI co obxectivo de aumentar a súa participación

---

## VI. ANEXOS

- Anexo 1: ...
- Anexo ...: ...